



Ouro verde

Varios organismos internacionais estiman que en menos de 20 anos Europa será deficitaria de madeira a razón de -300 millóns de m³/ano, e somos a maior potencia forestal de España. Biomasa, micoloxía, castañas, caza, prantas medicinais, hábitats e paisaxe, achegan o 25% da riqueza restante dos nosos montes. **A gran mina galega agroma na superficie, millóns de euros pendentes de aproveitar cun difícil —pero non imposible— equilibrio de usos.**

“As rexións que teñan madeira e unha industria capaz de transformala terán un papel decisivo”. **Elier Ojea, presidente de Confemadera, sabe que toca defender o gremio,** as posibilidades son moitas. As cifras presentes amosan que a actividade forestal e de transformación supón o **12,4% do noso emprego industrial, segundo o Instituto Galego de Estatística.** Ten máis peso ca industria téxtil, a pesca extractiva ou a conserva, porque os nosos montes pasaron

dos aproveitamentos gandeiros e cultivos agrícolas a ter usos forestais prioritarios que acadan as dúas terceiras partes da súa superficie. Entre propietarios e xestores empregan a máis 15.000 persoas: **cuadrillas, persoal técnico e administrativo das asociacións, viveiristas, consultoras, empresas de traballos silvícolas e transportistas especializados.** O 70% das empresas aséntase en poboacións de menos de 5.000 habitantes, co que iso supón nun rural que, malia todo, esmorece e deixa as terras.

Unha lei por definir. A Lei de Montes aprobada pola Xunta o pasado verán xorde nun momento en que tódolos actores protagonistas coinciden en que non podemos telos abandonados, o reto é consensuar o modelo. A norma toca moitos paus: reduce, por exemplo, o perímetro no que se vetan as especies pirófitas, que pasan dunha franxa de 50 metros a unha de 30, o que é moi criticado; como o feito de que deixa ás comunidades de montes á súa sorte cando entran en conflito por lindes. Ou que dé demasiadas facilidades para o cambio de uso do terreo de forestal a agrario, que podería facilitar a especulación. **As comunidades de montes e outros colectivos presentaron 400 alegacións**

O sector forestal ten máis peso ca industria téxtil, a pesca extractiva ou a conserva



As empresas están preparadas para asumir aumento da produción, as dedicadas ao taboleiro están ao 50% da súa capacidade

á Lei, pero en cuestións de fondo Medio Rural non aceptou ningunha porque dixo que foi produto de máis de dous anos de traballo no seo do Consello Forestal. Dende a Asociación Profesional de Selvicultores, **Silvanus**, coidan que “está bastante consensuada, ten a aprobación de tódolos colectivos, só dous trataron de impoñer unhas condicións inadmisibles para o resto”, aínda que recoñece “aspectos mellorables”. O presidente de **Silvanus**, Antonio de María Angulo apunta algúns: “o problema para a pequena propiedade preténdese resolver con plans conxuntos nos que o propietario non está en absoluto representado, aínda que poida estar incluído”. Tamén coida que “non se entrou a resolver conflitos co gando mostrenco, as distancias da lei de incendios e as plantacións, así como as ordenanzas municipais”. “De feito a regulamentación de construcións da reforma da Lei do Chan, provocou a obriga de retroaer as plantacións de montes. E séguese sen considerar a ordenación forestal, con plans redactados por profesionais cualificados, coma ferramentas do mesmo peso que os da Ordenación Municipal. Mentres que os usos agrícolas non requiren ningún documento técnico, cada paisano planta o que quere”. **Elier Ojea**, a voz de **Confemadera**, suxire que os lexisladores se acheguen á realidade do monte galego para legislar con coñecemento “e non só en base á lei estatal, pensada para un monte mediterráneo con características máis conservacionistas ca produtivas”. Dende **Asefoga**, a Asociación Forestal Galega, coidan que “falta ver se a lei funciona coma dinamizadora da agrupación da xestión forestal das pequenas propiedades e se fai viable a certificación forestal”. **Jacobo Feijóo Lamas**, o seu secretario xeral, coida a situación “moi complicada, fai falta moito máis que unha Lei para empezar a ver algo de luz”, pero tamén recoñece que lle queda un longo camiño de desenvolvemento normativo. **A Mesa da Madeira** - constituída por Xunta, organizacións forestais, aserradeiros e representantes de propiedades de montes- reuniase o pasado 21 de

Mancomunados



A maior ameaza que pesa sobre os montes veciñais en man común é o despoboamento, o avellentamento, a falta de relevo xeracional

“No interior de Galicia hai máis de 300 mil hectáreas en estado de grave abandono, sen xerar rentas de ningún tipo, nin materias primas, nin emprego, nunha rexión con máis do 57% da mocidade en paro”, apunta **Jacobo Lamas dende Asefoga**. Os MVMC (Montes Veciñais en Man Común) son unha modalidade de propiedade que recae na comunidade. Se no ano 1800 representaban entre 1,8 e 2 millóns de hectáreas, na actualidade hai 640.000. **A nova Lei de Montes obriga-lles a ter un proxecto de ordenación e un plan técnico de xestión aprobado nun prazo máximo de seis anos:** dende a titulariedade ata o estado de erosión, a rede fluvial e a rexeneración de zonas afectadas por lumes, vendavais, secas ou nevadas. Tamén tratamentos silvícolas, plan de tallas, aproveitamento de pastos e a combinación de especies. O verán pasado só 3 das 29 comunidades de montes dadas de alta no rexistro

de Medio Rural contaban co proxecto. **Dos preto de 3.000 montes veciñais, menos de 500 cumprirían co establecido pola nova lei, que tampouco non dí o que pasará se non o fan.** Dende **Confemadera Hábitat Galicia**, o seu presidente, **Elier Ojea**, augura un futuro despexado: “Os MVMC non desaparecen, canceláranse os convenios ou consorcios que manteñen coa administración e se substituirán por unha nova figura: os Contratos de Xestión Pública”. “Os montes mancomunados non teñen porque desaparecer, na lei non se fai ningunha indicación que marque ese camiño”- apuntan tamén dende **Silvanus**-. “Pero é verdade que deixa pendente moitas cuestións que merecen un tratamento específico, coma unha norma propia actualizada polo carácter social e o papel que desempeñan”.

maio co secretario xeral do Medio Rural e Montes, **Tomás Fernández-Couto**, para ir dando forma a decretos coma o que regula a ordenación de montes, de gran importancia cara ao fomento da certificación forestal; e outro sobre aproveitamentos madeiros, leñosos, de cortizas, de pastos e micolóxicos en terreos privados.

Proveitos por tirar. En madeira de rolo superamos o 50% do total español; en madeira aserrada o 43%; en taboleiros, o 33%; en pasta de papel o 35%; e en mobles, o 8%. A medida que se lles achega valor ás materias primas, perdemos peso. O economista **Emilio Santos**, asegurou na súa participación en **Diálogos 03** - un debate organizado pola Asociación de Becarios da Fundación Barrié o pasado abril na Coruña con expertos do sector- **que as empresas están preparadas para asumir un aumento da produción**, porque as dedicadas ao taboleiro están ao 50% da súa capacidade. “O monte galego ten potencial para xerar riqueza sen apenas investimento”. O **Informe de resultados de Confemadera Hábitat Galicia** sitúanos no segundo lugar do ranking nacional de exportacións por Comunidades cun volume de negocio de 688,2 millóns de euros. As empresas galegas están facendo un gran esforzo por acceder a novos mercados, aseguran. Pero **Elier Ojea** lembra que “aínda

Demasiado papeleo

Dende Confemadera Hábitat Galicia, Elier Ojea lembra que fixeron tres peticións moi concretas á Lei de Montes que non se abordaron: clarificación, simplificación e axilización de trámites. "Un ano despois, seguimos igual"



Moitas barreiras fiscais para as sociedades de propietarios e un papel intervencionista da Xunta son das materias máis urxentes de resolver se se quere dinamizar en serio a economía produtiva do noso monte. **Alfonso López Pena, presidente da Asociación Nacional de Fabricantes de Taboleiro Aglomerado e director xeral de Losán**, pide axilizar trámites burocráticos e eliminar o conflito de competencias. "Non pode ser que tantas administracións teñan responsabilidades sobre o monte". **O presidente de Silvanus, Antonio de María Angulo**, crítica a gran "tutela" e vixiancia da Administración –"cárgase de misións que logo difícilmente poderá cumprir, coma se desconfiase de tódolos axentes"-, e tamén denuncia "excesivos trámites e papeleo". "Xa sabemos cómo

funciona a Administración que, ademais, ao non ter unha dirección común, deixa en mans dos diferentes técnicos e persoal de Distrito as decisións de moitas cuestións en base a criterios persoais". **Dende Confemadera Hábitat Galicia, o seu presidente, Elier Ojea**, incide na liña: fixeron tres peticións moi concretas á Lei de Montes que non se abordaron; clarificación, simplificación e axilización de trámites. "Un ano despois seguimos igual, os problemas de proliferación de ordenanzas municipais agudízanse por falta dunha norma superior. Malia que existe unha disposición na Lei de Montes que as deroga, existen 76 concellos con ordenanzas forestais e de protección de camiños en vigor, 15 aprobáronse despois da publicación da Lei e hai 13 novas en fase de exposición pública".

que as exportacións son unha oportunidade para paliar parte do descenso do consumo interior, a meirande parte son pemes con dificultades para a internacionalización. Por iso presentamos á Xunta unha proposta de reactivación do mercado interior cun Plan de Rehabilitación para vivendas de máis de 10 anos co que crear 3.800 empregos directos e mobilizar máis de 257 millóns sen custo para a Administración, que ingresaría por cotizacións á Seguridade Social e co IVE".

Só o 7% da superficie galega está certificada, fronte ao 93% de Finlandia ou o 70% de Alemaña. En Galicia había en 2012 un total de 140.037 hectáreas certificadas de 4.322 xestores. **Patricia González Pereiró, xerente do COETFG, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia**, lembra que "as normativas internacionais no ámbito da exportación da madeira xa esixen garantías da procedencia legal e substentable. A certificación forestal pasará de ser voluntaria a obrigatoria para todo aquel que queira comercializala". Dende **Silvanus** tamén coidan que a nova Lei de Montes debería incidir máis en "dar importancia ao consumo de madeira fronte a produtos coma os plásticos, potenciando a selvicultura para xerar produtos de maior calidade e a súa transformación aquí". "Precisamos dun sector industrial de primeira e segunda transformación forte, é moi importante ir avanzando en completar os ciclos de



Cuadrillas, persoal técnico, viveiristas, traballos silvícolas e transportistas... o 70% destas empresas está en poboacións de menos de 5.000 habitantes.

O propietario medio galego ten dúas hectáreas repartidas en oito parcelas e só un 3% participa en fórmulas de cooperación con outros

fabricación". **Patricia González Pereiró** coida que "pechar o ciclo do papel, a substitución de combustibles fósiles por biomasa forestal e a segunda transformación do taboleiro galego serían solucións". E qué lugar ocupan as especies autóctonas nun mercado de rápidas rendibilidade? "O seu valor debería basearse no que achegan á biodiversidade, paisaxe e control hidrolóxico. Castiñeiro, carballo, nogueira e freixo xa o achegan na industria do moble e da construción. E temos certo optimismo en canto ao futuro da castaña coa recente creación da IXP de Galicia e certas iniciativas privadas para a súa explotación e comercialización", apuntan os enxeñeiros forestais. **Jacobo Feijóo resume as inxerencias de Asefoga:** "transferir ciencia e tecnoloxía cara ao rural, mellora xenética, loita fitosanitaria. Só a imaxinación limita as posibilidades de incorporar innovación aos produtos forestais. Tódolos días hai achádegas de materiais e procesos, dende nanofibras pasando por novos

compostos ou biocombustibles de segunda xeración. Hai que facer I+D de verdade en vez de mandar licenciados ao paro". Pero **dende Confemadera** manteñen que "a industria, xunto co Centro Tecnolóxico da Madeira, xa traballa en novos produtos coma as madeiras laminadas e modificadas. Tamén se está innovando no deseño sistemas de produción. As empresas están inventando para ser competitivas".

O futuro. Hai proxectadas 12 centrais de biomasa en Galicia cunhas necesidades anuais de 720.000 toneladas, que quedarían cubertas co aproveitamento de superficies actualmente abandonadas. Aínda que algún propietario de montes en mancomún está preocupado pola creación de cultivos con especies de crecemento rápido coas que alimentar esas plantas, dende o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia coidan que "o futuro pasa pola

O lastre eterno: a fragmentación

É un dos maiores problemas. **O alto minifundismo e as propiedades de titulariedade descoñecida impiden ou dificultan moito a accesibilidade ás leiras para poder aproveitalas.** Todo se complica debido ao estado de abandono no que se atopan moitas comunidades, con poboacións envellecidas e problemas entre os veciños. **Ourense é a provincia galega con máis superficie de terreos abandonados, segundo un estudo do Inega: 67.130 hectáreas, o 40% do total.** En segundo lugar está Lugo, con 35.800, seguida de Pontevedra, con 31.654, e A Coruña, con 28.902. Aínda que os

ecoloxistas lembran que as zonas onde se realizou a concentración parcelaria están en mellores condicións. A tenor do dito en **Diálogos 03** –o debate organizado pola Fundación Barrié– a capacidade do monte galego non é o problema, pero sí o xeito de aproveitalo: o propietario medio ten dúas hectáreas repartidas en oito parcelas e só un 3% participa en fórmulas de cooperación con outros. **É fundamental incrementar o tamaño medio da unidade forestal e a xestión conxunta das parcelas.**

Existen 76 concellos con ordenanzas forestais e de protección de camiños en vigor, a maraña legal e burocrática é un lastre



Ademais da importancia económica e social o monte preserva hábitats, sistemas hidrolóxicos e paisaxes

explotación sustentable dos recursos, e o aproveitamento térmico da biomasa forestal en Galicia vense facendo dende tempos inmemoriais. Se se xeralizase o seu emprego en calefacción e ACS tería un impacto moi positivo no económico, social e ambiental". Na Lei de Montes **tamén se contemplan outros aproveitamentos, coma actividades turísticas ou culturais, o que abre a porta a que se poida reforestar superficie agraria útil sempre que estea abandonada.** En Silvanus recoñecen que "debemos mellorar as masas de montes coa conservación da biodiversidade e as producións de setas, froitos, pastos e biomasa". "O futuro é bo, éste pode ser o sector que levante a economía da Galicia rural", afirma Angulo. **Patricia González**, máis escéptica, coida



A Lei de Montes ten pendentes moitos decretos por ultimar, coma o de aproveitamentos micolóxicos, de cortizas e pastos en terreos privados

Actividades turísticas e producións de setas, froitos, pastos e biomasa son recursos aínda por aproveitar

O noso monte, en cifras



infografía@credixtal.com

que o devir "está vencellado ao do conxunto da economía, dado que será a que decida os investimentos que se fagan". Pero **expertos en comercio mundial da madeira, como Jean Marie Desclos, reiteran que as masas forestais son un sólido investimento de futuro.** "O monte pode ser un aliado de

Galicia", apunta **Confemadera.** E **Jacobo Feijóo Lamas**, conclúe: "se acertamos a superar as eivas do minifundismo e logramos que saia do estado de abandono, seguirá a ser o noso principal activo medioambiental. O futuro do monte galego, como o da sociedade, hai que escribilo, e está nas nosas mans". ■